

CATRO CIRCUÍTOS E UNHA FLOR

*Flor no deserto*¹, a obra de Ramón Caride Ogando gañadora do XV Premio de Poesía "Cidade de Ourense" (1994), confórmase como un itinerario en catro *circuítos* - fogo, néboa, cinza e terra- que veñen reflectir o efecto das estacións anuais sobre o ámbito urbano e o ser-eu poético que o habita.

*No comezo era o lume tan cálido e vermello
coma os ollos das mozas espidas das portadas
empredemos o camiño ao país da dama eléctrica
morría agosto e estouraban os acios
non precisabamos auga pra apagar a sede
polas nosas veas corría fogo líquido*

A forza da xuventude, a paixón desenfreada, as ansias de búsqueda do propio lugar nunha cidade cibernética, mecánica, proveñen do lume estival -circuíto fogo-, do que o eu poético se recoñece fillo. A plenitude de agosto coa sazón dos froitos, a posesión dun desexo sexual que se manifesta como insaciable, e que se liga ó poder da renacencia tras apurar ata o fondo o vaso da vida, acompañan a un ser que comeza a súa viaxe iniciática polo deserto -pois alén del está "o mundo ou o baleiro". Despois da catarse propiciada polo lume pode abandonar medos e prudencias, vello lastre que lle impedía elevar o voo, coller a vida nas mans malia a súa queimadura

*era verao ardía o lume como nunca
se vira arder baleiramos despoixos
consellos prudencia horas sen medida
pra abrazarnos a ti sentir a tralla
compracente e cruel sobre dos corpos espidos*

Mais pronto sentirá o eu poético o gume do outono -circuíto néboa-, a desorientación perante un sentimento descoñecido para el ata o de agora -a melancolía- que trae a intuición da derrota. O desencanto fai presa nun eu poético

¹ Edición do Concello de Ourense, 1995

que, lonxe de escoitar o ritmo frenético do rock como antano, se mergulla no delirio do blues e do jazz nos bares de madrugada

*Non esqueceremos séculos que vivamos
a emoción aceda amarga do outono
embebedándonos cun anuncio de fin lenta
a tristeza rabuñando as nosas entrañas
coma un licor docísimo e xeadado
abandonámonos á beleza estéril da derrota*

A cidade outoniza xa non é aquela *dama eléctrica*, ardente e vertixinosa, do verán senón un ámbito desacougante, sórdido, cheo de cloacas, fendas, gaiolas e soidade -"asi imos verquendo todo o desacougo/ polas cloacas suxas da eterna cidade"- onde todo, mesmo o amor, ten un prezo. Pero aínda é posible aprofundar máis no desacougo e sentir no inverno -circuíto cinza- a vida como un pozo escuro e frío, antesala da cavernosa morte

*Respirabamos monóxido de carbono e xofre
fundidos no buraco do inverno
todo foi tan escuro como a morte*

Seres depredadores, homes-can, alimañas, son agora os únicos habitantes entre as ruínas da cidade. Perdida a ruta que leva ó paradiso, o silencio e o frío acentúan o desacougo do eu poético abocado a sobrevivir nun universo urbano circundado pola derrota e onde se sente ameazado. Todo este desacougo vaise acentuando ata un punto límite en que

*como naquel cómix de frank miller
o mundo fíxose cachizas e os vidros saltaron
nun radio de kilómetros así perdemos todo
cando tivemos dentro o inverno*

pois este chega arrasando como o conductor suicida que fai estourar todo o coñecido ata entón. Nada humano permanece na cidade nin sequera ese corpo co que o eu poético obtén un simulacro de amor ata, nun delirio de metal e azogue, descubrir a súa realidade de autómeta. A ficción da realidade virtual, a fascinación polo abismo, a consciencia dun final que se acerca, a inútil reiteración, alíanse coa frialdade invernala para golpear a un eu poético que, intentando atravesar o deserto, se deixa agonizar nunha luz branca que intúe da morte.

E na luminosidade da primavera -circuíto terra- renace esa flor do deserto que fai agromar a esperanza nun eu poético asombrado perante o milagre do rexurdimento

*Sen poder entendelo a penas
nin acertar a explicalo dalgún xeito estraño
a vida continúa logo do inverno
(...)
o lume arderá outra volta seguiremos
mortos xa por mil veces e virxes non obstante*

Un corpo novo, un ámbito purificado -esa cidade que durme pacífica o soño da renovación- son os dons primaverais para un eu poético que ansía amar e "*saír á rúa descubrir lume nos ollos/ é tempo de abrazar vida que agroma/ as árbores da dor ficaron lonxe na estrada*". E, nesa cidade poboada de vértigos eléctricos, autómetas, músicas cibernéticas, paraísos corruptos, realidades irreais, bairros residenciais e suburbios, dualidades desgarradoras, o eu poético ergue a flor, como un facho que o guiará polo camiño da esperanza, polas desérticas areas cara o descoñecido porque

*aínda que non sabemos o desenlace
que axexa nas revoltas do camiño
tendémosche a man de novo
con ilusión terca da nova primavera*

TERESA SEARA

A Nosa Terra, 695, 12-10-1995, p. 24